



COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

DATOS

Apellidos:

Nombre:

DNI / NIE:

Señale lo que corresponda:

Enseñanza LIBRE / OFICIAL

Grupo / Profesor:

INSTRUCCIONES PARA LA REALIZACIÓN DE LA ACTIVIDAD

- Duración: **75 minutos**.
- Apague su **teléfono móvil**.
- Escriba sólo con **bolígrafo azul o negro**.
- No olvide realizar **todas** las tareas.
- Escriba sus respuestas en **la hoja de respuestas (reverso de esta página)**.
- Al finalizar, entregue **todas las hojas** utilizadas.

PUNTUACIÓN TOTAL: /20



FOLLA DE RESPOSTAS

TAREFA DA PARTE 1.^a OS DEZ MELLORES LIBROS E MÁIS INTERESANTES EN GALEGO

..... / puntos

Poña a letra do texto no que se responda á pregunta formulada (A, B, C, D, E, F, G, H, I, L, M, ou NINGÚN) no recadro correspondente, como no exemplo 0.

(1 punto cada ítem. Total: 7 puntos)

	PREGUNTAS	RESP.	CORR.
	De que libro se nos di <u>expresamente</u> que ...		
0	<i>reúne poemas de autores de fóra de Galicia?</i>	<i>NINGÚN</i>	✓
1	está formado por contos breves?		
2	está formado por sucesos espallados que logo foron recompilados?		
3	posúe tintes de mesquindade?		
4	presta atención especial ao vocabulario?		
5	se basea en feitos ou formas de vida imaxinarios?		
6	se reflexiona sobre as ideas de control e obediencia da mocidade da trintena?		
7	tamén hai un disco co seu mesmo título?		



TAREFA DA PARTE 2.^a. ESTAMPAS DO LUGO VELLO. A CALZADA

..... / puntos

Indique se as seguintes aseveracións referidas ao texto son verdadeiras (V) ou falsas (F). Poña V ou F, como no exemplo 0.

(1 punto cada ítem. Total: 7 puntos)

	ASEVERACIÓNS	RESP. V / F	CORR.
0	<i>Dedúcese que o autor saíu á media mañá da casa.</i>	F	✓
1	As leiteiras que reparten o produto lácteo soben por unha difícil costa e van silandeiras e por quendas.		
2	As pedras que van atopando polo camiño están húmidas debido á rosada que caeu pola noite.		
3	É posible ver mover as plantas dalgúns cereais debido a que o vento impacta nelas.		
4	A ampla calzada transcorre aquén do río e vai chea de auga.		
5	Os rapaces da época aprópianse de diferentes froitas que hai nas leiras próximas.		
6	Hai unha lenda que recolle que un poderoso e valente rei veu, dun afastado lugar, parar ás terras do Miño en globo.		
7	Cando as noites do verán son mornas hai máis trasfega de xente na calzada e mesmo nos sitios máis agochados se levan a cabo prácticas de prostitución.		



TAREFA DA PARTE 3.ª. FRASEOLOXISMOS

..... / puntos

Escolla da táboa da esquerda o fraseoloxismo correspondente para o oco de cada texto e poña no recadro o número preciso, como no exemplo A. Teña en conta que cada un só se pode empregar unha vez e que dispón de tres máis dos que precisa.

(0,5 puntos cada ítem. Puntuación total: 6 puntos)

1	a auga toda no muíño
2	a fío
3	<i>cuspidiño</i>
4	fino coma la de gato
5	o día
6	o formigo
7	o sentidiño polas silveiras
8	os biosbardos
9	Pedro Chosco
10	si
11	un buxo
12	un can
13	un pincel
14	un pito
15	un toxo
16	un xan debaixo da cama

TEXTOS	RESP.	CORR.
A	3	✓
B		
C		
D		
E		
F		
G		
H		
I		
L		
M		
N		
Ñ		

PARTE 1.ª DA COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

TAREFA Poña, <u>na folla de respostas</u>, a letra do texto no que se responda á pregunta formulada (A, B, C, D, E, F, G, H, I, L, M, ou NINGÚN) no recadro correspondente, como no exemplo 1. (1 punto cada ítem. Total: 7 puntos) / ... PUNTOS
--	---------------------------

Os dez mellores libros e máis interesantes en galego

Ás veces é necesario volver ao básico e repasar algúns libros que nos fan sentir orgullosos da nosa literatura. Máis alá das vacas sagradas (Rosalía de Castro, Álvaro Cunqueiro, Manuel Rivas), hai unha serie de títulos máis e menos famosos, pasados e presentes, que resultan sorprendentes, innovadores, transgresores e definitivamente interesantes (*cool*). Aí vai o noso *top ten* dos libros *cool* galegos.

A	<i>De catro a catro</i> – Manuel Antonio
Non temos dúbida en <i>Disquecool</i> sobre quen merece a posición de honra neste <i>top ten</i> . A produción poética de Manuel Antonio é breve, pero grande. En <i>De catro a catro</i> acada unha riqueza formal, un léxico coidado, un afán vangardista, descoñecido ata daquela na literatura galega. Pero sobre todo, é unha obra fermosa, sinxela na súa complexidade, primitiva e evocadora.	

B	<i>O crepúsculo e as formigas</i> – Méndez Ferrín
Pesimista e sórdido, con influencias da narración cinematográfica e outras innovacións técnicas; <i>O crepúsculo e as formigas</i> entra de cheo no que entendemos como literatura postmoderna. Parte do máis particular para englobar a literatura universal nun traballo equiparable ao que fai Sigur Rós na música. Proba a ler este libro co álbum sen título soando ao fondo!	

C	<i>Poesía última de amor e enfermidade</i> – Lois Pereiro
De Lois Pereiro falouse o ano pasado por extenso, pasando de ser un semidescoñecido	

para o gran público a ser case unha celebridade. Esperable. A súa escritura, expresiva pero contida, chea de referencias, pero accesible para todos, íntima e individual, mostra toda a dor e toda a beleza, e probablemente *Poesía última de amor e enfermidade* sexa a mellor proba disto.

D ***New York, New York* – Inma López**

Crónica moi divertida, e sobre todo diferente, da vida na gran cidade. Un libro cosmopolita, apaixonado, vital, fresco e con ese punto irónico imprescindible para comprender a existencia moderna. Os capituliños de *New York, New York* foron primeiro entradas do seu blog e despois reconvertéronse en libro, o que permite un ton moi próximo, desenfadado e áxil.

E ***Tres segundos de memoria* – Diego Ameixeiras**

Relato xeracional do post-fracaso que bebe directamente do *Alta fidelidade* de Nick Hornby. Estilo fresco cheo de humor, para falar de mozos de 30 anos, cultos e con estudos, pero perdidos e en paro. Un libro máis que actual.

F ***Cráter* – Olga Novo**

Libro de poemas coa forza do primitivo, do telúrico e de profunda sonoridade. O traballo da linguaxe poética serve para exaltar o amor, a vida, a liberdade ... a intensidade.

G ***Vidas post-it* – Iolanda Zúñiga**

Este libro componse de microrrelatos de fonda pegada poética. Pequenas historias que parecen non contar nada, pero fano musicalmente, insinuando conclusións, seducíndonos coas verbas. Estilo moi urbano, de soidade e alienación, pero que deixa un pequeno lugar para a esperanza.

H ***Amores e clamores* – Claudio Rodríguez Fer**

Poesía reunida dos máis de 30 anos de obra do autor, onde volvemos atopar (ao igual que con Olga Novo) un expresivo entusiasmo ante a ledicia de vivir, pero dunha maneira orixinal, imaxinativa, directa e sensitiva. Todo un canto á vida.

I	<i>Obediencia – Antón Lopo</i>
<p>Novela de ciencia ficción (xa só por iso resulta innovador na nosa literatura) esixente, que serve para reflexionar sobre o ser humano contemporáneo e sobre as nocións de control e obediencia dende unha perspectiva social e política.</p>	
L	<i>Sidecar – Alberto Lema</i>
<p>Libro honesto sobre a xuventude actual, pouco elaborado no plano formal, pero que comunica con inmediatez. Trata as relacións sentimentais dende unha óptica realista e, ao mesmo tempo, orixinalmente divertida.</p>	
M	<i>Bonus track: en su patria: cuatro poetas gallegos</i>
<p>Deixámosvos de premio esta magnífica antoloxía bilingüe da poesía galega, ideal para regalar aos amigos non galegos. Aquí atopamos algúns dos mellores poemas de Rosalía de Castro, Manuel Antonio, Luís Pimentel e Luz Pozo Garza. Imprescindible para dar a coñecer a poesía galega fóra de Galicia.</p>	

Adaptación do artigo “O top ten dos libros cool en galego”, publicado o 17/05/2012 na revista *Disquecool*

PARTE 2.ª DA COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

TAREFA Indique, <u>na folla de respostas</u> , se as seguintes aseveracións referidas ao texto son verdadeiras (V) ou falsas (F). Poña V ou F, como no exemplo 0. <p style="text-align: right;">(1 punto cada ítem. Total: 7 puntos)</p> / ... PUNTOS
---	--------------------

Estampas do Lugo vello. A calzada

Pola *mañán* cedo, nos quentes días do *vran*. Bate o sol *mañanceiro* nos vidros das fiestras da *cibdá*. Ruben a costa *pedreguenta i-aspra* leiteiras, falangueiras en roldas de tanagras. Aínda son longas as somas dos *albres* dos valados, das casas que cobren os seixos, lentos da orballeira da noite, *anediados* pola auga de vinte séculos. Unha man de graza pintou no *planfond* do ceo unha nube branca.

Dende o *auto* da calzada os ollos échense da ledicia da paisaxe. Prados de estourante verdor, as chairas de marelos centeos que a fan visible o trafego dos ventos.

A calzada pasa pola outra banda do río, a carón da Leprosería de San Lázaro: mouras pedras tremando no feixe *surridente* das augas vagantías. Rube polo monte longa e retorta coma una serpe, procurando a cova da lonxanía.

¿Quen plantou á beira da calzada *iste* belido cedro? Alguén, sen dúbida, que quixo lembrar aos vecinos de Lucus Augusta que o imperio *Román* chegaba *hastra* o Líbano.

Iste val estaba cheo de viñas que o bispo Odoario *trauguera* do *Sul* galego. Tan *soio* fican os nomes de Viña do Chantre, Horta da Viña, *cuios* fatóns e cirolas, grosos coma *mazáns*, que empurran as fazañas ladroeiras dos rapaces larpeiros.

Meio acochada nun recóbado do río a aceña “del Rey Chiquito”. Nome misterioso que tenta a paciencia dos eruditos.

Alguén *eisprica* a súa orixe *diste* xeito: *fai* non se sabe *cánto* tempo houbo unha terrible revolución en Lilibutlandia. O partido ilota daquelas lonxanas terras destronou ao monarca reinante. O Espartaco *daquiles* escravos alporizados chamábase, coma calquera comanche lexítimo, “Ollos de aguia”. O cativo e coitado rei caeu *nistas* terras do Miño como chovido do ceo, pois *asegún* a *leenda* chegou *eiquí* en globo, o día 28 de Nadal de *calquer* ano...

Cando o sol, co seu berro fulxente arrepía as somas que se encollen medoñentas, a calzada fica deserta. Fumegan os teitos dos fornos, *isos* fornos da Ponte de Lugo que cocen pan trigo de moi boa *calidá*, de *outa* sona en toda a *cibdade* e nos seus arrabaldes. Tamén nos rastrollos hai fumes tremelantes *i-abeiros* que roben polo ceo engordiño, engordiño...

Nas tépedas noites de *vran* espállase pola *i-auga* do Miño a ardentía dos luceiros. Entón a calzada *rebule* cunha vida misteriosa nos seus máis *somíos* recunchos. Ao fío das doce *escomeza* o “mercado dos *trucos*”. *Istes trucos* non son precisamente *trucos quinegráfecos*. Trátase dunhas mozas arrabaldeiras que *praitican* o hetairismo –dalgún xeito hase chamar– vergoñante *i-acobado*, oficiando a Venus fóra do templo. A unidade *moedaria diste* emporio erótico é o peso que, como ben se sabe, é a unidade *métreca* do deleite...

Moitas celmosas anécdotas se poderían contar *encol* de tan *eistrano* “mercado”, *pro* remato *eiquí* porque eu non son o Bocaccio lugués.

**Texto sacado do libro *Ánxel Fole. Obra literaria completa*, de Claudio Rodríguez Fer.
(Artigo publicado tamén en *El Pueblo Gallego*, 15 de marzo de 1926)**

CHAVE DE RESPOSTAS

TAREFA DA PARTE 1.ª. OS DEZ MELLORES LIBROS E MÁIS INTERESANTES EN GALEGO

Poña a letra do texto no que se responda á pregunta formulada (A, B, C, D, E, F, G, H, I, L, M, ou NINGÚN) no recadro correspondente, como no exemplo 0.

(1 punto cada ítem. Total: 7 puntos)

	PREGUNTAS	RESPOSTAS
	De que libro se nos di <u>expresamente</u> que ...	
0	<i>reúne poemas de autores de fóra de Galicia?</i>	NINGÚN
1	está formado por contos breves?	G
2	está formado por sucesos espallados que logo foron recompilados?	D
3	posúe tintes de mesquindade?	B
4	presta atención especial ao vocabulario?	A
5	se basea en feitos ou formas de vida imaxinarios?	I
6	se reflexiona sobre as ideas de control e obediencia da mocidade da trintena?	NINGÚN
7	tamén hai un disco co seu mesmo título?	NINGÚN

TAREFA DA PARTE 2.^a. ESTAMPAS DO LUGO VELLO. A CALZADA

Indique se as seguintes aseveracións referidas ao texto son verdadeiras (V) ou falsas (F).
Poña V ou F, como no exemplo 0.

(1 punto cada ítem. Total: 7 puntos)

ASEVERACIÓNS		RESPOSTAS
0	<i>Dedúcese que o autor saíu á media mañá da casa.</i>	<i>F</i>
1	As leiteiras que reparten o produto lácteo soben por unha difícil costa e van silandeiras e por quendas.	F
2	As pedras que van atopando polo camiño están húmidas debido á rosada que caeu pola noite.	V
3	É posible ver mover as plantas dalgúns cereais debido a que o vento impacta nelas.	V
4	A ampla calzada transcorre aquén do río e vai chea de auga.	F
5	Os rapaces da época aprópiáanse de diferentes froitas que hai nas leiras próximas.	V
6	Hai unha lenda que recolle que un poderoso e valente rei veu, dun afastado lugar, parar ás terras do Miño en globo.	F
7	Cando as noites do verán son mornas hai máis trasfega de xente na calzada e mesmo nos sitios máis agochados se levan a cabo prácticas de prostitución.	V

TAREFA DA PARTE 3.ª. FRASEOLOXISMOS

Escolla da táboa da esquerda o fraseoloxismo correspondente para o oco de cada texto e poña no recadro o número preciso, como no exemplo A. Teña en conta que cada un só se pode empregar unha vez e que dispón de tres máis dos que precisa.

(0,5 puntos cada ítem. Puntuación total: 6 puntos)

..... /
puntos

1	a auga toda no muíño	TEXTOS	RESP.
2	a fío	A	3
3	cuspidiño	B	6
4	fino coma la de gato	C	4
5	o día	D	8
6	o formigo	E	7
7	o sentidiño polas silveiras	F	1
8	os biosbardos	G	12
9	Pedro Chosco	H	2
10	si	I	5
11	un buxo	L	10
12	un can	M	13
13	un pincel	N	11
14	un pito	Ñ	9
15	un toxo		
16	un xan debaixo da cama		



COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORALES

PRUEBA DE CERTIFICACIÓN

DATOS

Apellidos:

Nombre:

DNI / NIE:

Señale lo que corresponda:

Enseñanza LIBRE / OFICIAL

Grupo / Profesor:

INSTRUCCIONES PARA LA REALIZACIÓN DE LA ACTIVIDAD

- Duración: **45 minutos**.
- Apague su **teléfono móvil**.
- Escriba con **bolígrafo azul o negro**.
- Cada tarea se escuchará **dos veces**.
- Para cada una, el procedimiento será el siguiente:
 - **dos minutos** para leer el enunciado y la tarea
 - **primera escucha** del documento
 - **un minuto** para responder
 - **segunda escucha** del documento
 - **dos minutos** para revisar las respuestas y anotarlas en la **hoja de respuestas** (reverso de esta página)
- Al finalizar, entregue **todas las hojas** utilizadas.

PUNTUACIÓN TOTAL: /20



FOLLA DE RESPOSTAS

TAREFA 1.ª. As tres irmás

Indique se as seguintes aseveracións referidas ao documento sonro son verdadeiras (V) ou falsas (F). Poña V ou F, como no exemplo 0.

(1 punto cada ítem. Total: 7 puntos)

Fonte: relato contado por Sonia Rúa, pertencente ao audio libro *A casa de Mango Street*, de Sandra Cisneros.

.....
puntos

		RESP. V / F	CORR.
0	<i>Pódese afirmar que a súa aparición foi practicamente inapreciable.</i>	V	✓
1	Unha delas caracterizábase pola súa risa, outra polo riso e unha terceira polos ollos e a brancura das súas mans.		
2	Aínda que elas se facían chamar comadres, en realidade eran medio irmás.		
3	Unha irmá de Lucy e Rachel falecera de pequena.		
4	As tres irmás, mediante as súas aptitudes, podían ser quen de predicir o futuro.		
5	As tres irmás estaban convencidas, todas elas, de que o nome de Esperanza era especial.		
6	Para se cumprir o desexo de Esperanza, esta tería que volver.		
7	Lucy e Rachel non eran capaces de ver as tres irmás e a Rachel, porque desapareceran entre a néboa.		

TAREFA 2.ª. Parar o tempo

Indique, poñendo A, B ou C, cal das tres opcións dadas é a correcta, segundo o que se escoita no documento sonoro, como no exemplo 0. Só unha é a válida.

(1 punto cada ítem. Total: 7 puntos)

Fonte: relato contado por Suso de Toro, pertencente ao audio libro *Narradio. 56 historias no ar*, publicado pola Radio Galega.

.....
puntos

		RESP. A / B / C	CORR.
0	<i>O protagonista deixou de traballar cando oíu que a Berenguela</i>		
	<i>A. daba a primeira badalada.</i>	A	✓
	<i>B. daba a unha da tarde.</i>		
	<i>C. daba as tres da tarde.</i>		
1	Cando escoita as badaladas o protagonista estaba a		
	A. escribir un libro de receitas de cociña.		
	B. escribir unha páxina dun libro de receitas de cociña.		
	C. preparar a impresión dunha páxina dun libro.		



2	Para o protagonista o son das badaladas da Berenguela significaba		
	A. que os traballos diarios non deixaban de ser uns pasatempos na vida terreal.		
	B. que toda a xente de Santiago de Compostela había de rematar no gran sepulcro.		
3	Dende o seu obradoiro, o protagonista ve pasar pola rúa unha pesca que leva		
	A. na man unha bolsa cunha lamprea, e un mozo de almacén.		
	B. unha patela na cabeza, e un home puxando unha carreta pequena.		
4	Polo que di o narrador, entendemos que ese día era		
	A. apracible, pois, malia a choiva da mañá, agora quentaba un sol tépedo.		
	B. bo, no que despois da intensa chuvia da mañá o sol quentaba fortemente.		
5	O protagonista vai ao bar e alí		
	A. o alemán ofrécelle viño e posteriormente un anaco de pan.		
	B. o alemán ponlle un vaso de viño que saca dun pipo e despois ofrécelle pan.		
6	Quen interrompe o momento de reflexión que o protagonista está a ter no bar?		
	A. O camareiro, que o avisa da chegada de Castelao.		
	B. O propio Daniel.		
7	Como describe o narrador a Castelao?		
	A. Como un home cunha silueta alta e de débil aspecto, que camiña con paso firme.		
	B. Como un home grande e con algúns trazos aínda puerís.		
	C. Como un home longo e rexo.		



TAREFA 3.^a. A construción do apeadoiro

Escriba unha resposta breve (máximo 7 palabras) para a pregunta formulada sobre o documento sonoro, como no exemplo 0. Fágao coas súas propias palabras, non coas que escoita exactamente no audio. (0,5 puntos cada ítem. Total: 6 puntos)

Fonte: <http://consellodacultura.gal/arquivos/asg/anosafala.php>

.....
Puntos

	PREGUNTAS	RESP.	CORR.
0	<i>Cando foron a Madrid pedir para facer a obra?</i>	<i>Uns anos antes de mediados do XX [aló polo 1932 ou 1933 (sic)]</i>	✓
1	De onde é a entidade do lugar de Covas?		
2	Que andou a buscar o protagonista por aldeas e alcaldías?		
3	Finalmente, por que se conseguiu o apeadoiro?		
4	Por que non se podía construír na aldea de Mumao, en Frieiras?		
5	Que viñeron facer os xefes?		
6	Ademais de traballar os veciños na construción do apeadoiro, que máis tiveron que facer?		
7	Algúns obtiveron beneficios polas leiras que deron, pero o protagonista que di ao respecto?		
8	Que lle pediron as mulleres ao protagonista?		
9	Segundo os versos do protagonista, cando viñeron os xefes, quen se presentou?		
10	Que propiedades se lle atribúen a dona Encina?		
11	Os homes ao dárenlles co martelo ás pedras, estas que facían?		
12	Como se podía comer no hotel de D. Alfredo?		



CHAVE DE RESPOSTAS

TAREFA 1.^a. As tres irmás

Indique se as seguintes aseveracións referidas ao documento sonoro son verdadeiras (V) ou falsas (F). Poña V ou F, como no exemplo 0.

Fonte: relato contado por Sonia Rúa, pertencente ao audio libro *A casa de Mango Street*, de Sandra Cisneros.

(1 punto cada ítem. Total: 7 puntos)

	ASEVERACIÓNS	RESP. V / F
0	<i>Pódese afirmar que a súa aparición foi practicamente inapreciable.</i>	V
1	Unha delas caracterizábase pola súa risa, outra polo riso e unha terceira polos ollos e a brancura das súas mans.	F
2	Aínda que elas se facían chamar comadres, en realidade eran medio irmás.	F
3	Unha irmá de Lucy e Rachel falecera de pequena.	V
4	As tres irmás, mediante as súas aptitudes, podían ser quen de predicir o futuro.	V
5	As tres irmás estaban convencidas, todas elas, de que o nome de Esperanza era especial.	F
6	Para se cumprir o desexo de Esperanza, esta tería que volver.	F
7	Lucy e Rachel non eran capaces de ver as tres irmás e a Rachel, porque desapareceran entre a néboa.	F



TAREFA 2.ª. Parar o tempo

Indique, poñendo A, B ou C, cal das tres opcións dadas é a correcta, segundo o que se escoita no documento sonoro, como no exemplo 0. Só unha é a válida.

Fonte: relato contado por Suso de Toro, pertencente ao audio libro *Narradio. 56 historias no ar*, publicado pola Radio Galega.

(1 punto cada ítem. Total: 7 puntos)

		RESP. A / B / C
0	O protagonista deixou de traballar cando oíu que a Berenguela	
	A. daba a primeira badalada.	A
	B. daba a unha da tarde.	
	C. daba as tres da tarde.	
1	Cando escoita as badaladas o protagonista estaba a	
	A. escribir un libro de receitas de cociña.	C
	B. escribir unha páxina dun libro de receitas de cociña.	
C. preparar a impresión dunha páxina dun libro.		
2	Para o protagonista o son das badaladas da Berenguela significaba	
	A. que os traballos diarios non deixaban de ser uns pasatempos na vida terreal.	A
	B. que toda a xente de Santiago de Compostela había de rematar no gran sepulcro.	
C. que toda a xente de Santiago de Compostela se entretiña traballando.		
3	Dende o seu obradoiro, o protagonista ve pasar pola rúa unha pesca que leva	
	A. na man unha bolsa cunha lamprea, e un mozo de almacén.	B
	B. unha patela na cabeza, e un home puxando unha carreta pequena.	
C. unha patela na cabeza, e un mozo cun chaquetón gris.		
4	Polo que di o narrador, entendemos que ese día era	
	A. apracible, pois, malia a choiva da mañá, agora quentaba un sol tépedo.	A
	B. bo, no que despois da intensa chuvia da mañá o sol quentaba fortemente.	
C. de inverno pleno, con frío e con moita chuvia, sobre todo pola mañá.		
5	O protagonista vai ao bar e alí	
	A. o alemán ofrécelle viño e posteriormente un anaco de pan.	A
	B. o alemán ponlle un vaso de viño que saca dun pipo e despois ofrécelle pan.	
C. o camareiro ponlle viño e unha nena lévalle un molete de pan.		



6	Quen interrompe o momento de reflexión que o protagonista está a ter no bar?	
	A. O camareiro, que o avisa da chegada de Castelao.	C
	B. O propio Daniel.	
C. O que traballa con el na imprenta.		
7	Como se describe a Castelao?	
	A. Como un home cunha silueta alta e de débil aspecto, que camiña con paso firme.	B
	B. Como un home grande e con algúns trazos aínda puerís.	
C. Como un home longo e rexo.		



TAREFA 3.ª. A construción do apeadoiro

Escriba unha resposta breve (máximo 7 palabras) para a pregunta formulada sobre o documento sonoro, como no exemplo 0. Fágao coas súas propias palabras, non coas que escoita exactamente no audio.

(0,5 puntos cada ítem. Total: 6 puntos)

Fonte: <http://consellodacultura.gal/arquivos/asg/anosafala.php>

	PREGUNTAS	RESPOSTAS
0	<i>Cando foron a Madrid pedir para facer a obra?</i>	<i>Uns anos antes de mediados do XX [aló polo 1932 ou 1933 (sic)]</i>
1	De onde é a entidade do lugar de Covas?	<i>Ourenzá / de Galicia [da provincia de Ourense(sic)]</i>
2	Que andou a buscar o protagonista por aldeas e alcaldías?	<i>Sinaturas / que a xente lle asinase [firmas (sic)]</i>
3	Finalmente, por que se conseguiu o apeadoiro?	<i>Porque era preciso / facía falta e tiñan ganas del [porque se necesitaba e tiñan boa moral (sic)]</i>
4	Por que non se podía construír na aldea de Mumao, en Frieiras?	<i>Porque non era apropiado o terreo / porque era demasiado costento para iso. [porque non valía o perfil da vía / tiña 11 milésimas de pendente (sic)]</i>
5	Que viñeron facer os xefes?	<i>Tomar as medidas / a lonxitude e poñer estacas / paus / delimitar con paus. [medir e estaquillar (sic)]</i>
6	Ademais de traballar os veciños na construción do apeadoiro, que máis tiveron que facer?	<i>Doar leiras súas [dar fincas (sic)]</i>
7	Algúns obtiveron beneficios polas leiras que deron, pero o protagonista que di ao respecto?	<i>Por estima / por fachenda el non lles cobrou nada [por orgullo, eu non lles quero nada (sic)]</i>
8	Que lle pediron as mulleres ao protagonista?	<i>Que compuxese unha poesía sobre o apeadoiro [un verso do apeadoiro (sic)]</i>
9	Segundo os versos do protagonista, cando viñeron os xefes, quen se presentou?	<i>Mulleres novas / mocidade feminina [xuventude feminina (sic)]</i>
10	Que propiedades se lle atribúen a dona Encina?	<i>Anhelo / ansia / degoiro e moita fachenda / distinción [moito afán e moita elegancia (sic)]</i>
11	Os homes ao dárenlles co martelo ás pedras, estas que facían?	<i>Bruaban / ruxían [bramaban (sic)]</i>
12	Como se podía comer no hotel de D. Alfredo?	<i>Barato e en cantidade / dabondo [por menos de tres pesetas chega a comida ao cuello (sic)]</i>



MEDIACIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

DATOS

Apellidos:

Nombre:

DNI / NIE:

Señale lo que corresponda:

Enseñanza LIBRE / OFICIAL

Grupo / Profesor:

INSTRUCCIONES PARA LA REALIZACIÓN DE LA ACTIVIDAD

- Duración: **30 minutos**.
- Apague su **teléfono móvil**.
- Escriba con **bolígrafo azul o negro**.
- Recuerde: **si no cumple la tarea**, la calificación será 0.
- Escriba sus respuestas en **la hoja de respuestas**.
- Al finalizar, entregue **todas las hojas** utilizadas.

PUNTUACIÓN MEDTE: / 10

PUNTUACIÓN MEDTO: / 10

PUNTUACIÓN TOTAL MEDIACIÓN: / 20
--



CONTEXTO: Vostede está moi preocupado polas emisións de CO2 e as xestións que sobre elas se realizan. Sobre esta cuestión vén de ler o seguinte artigo.

TAREFA: A partir deste texto, **deberá elaborar outro** para enviarlle a un colega que posúe as mesmas inquiredanzas que vostede, a fin de ver se entre os dous poden facer algo ao respecto na súa contorna.

OBSERVACIÓNS: Non repita literalmente as palabras do texto fonte nin engada, **máis que as imprescindibles**, ideas propias ou información que non sexan as dadas no texto.

EXTENSIÓN DO TEXTO A REALIZAR: 150 PALABRAS

TEMPO PARA A ELABORACIÓN DO SEU TEXTO: 30 MINUTOS

..... /
10 puntos

As comunidades de montes, contra a compensación de emisións de CO2 que favorece plantacións forestais en terras agrarias ou incendiadas

En 2014 o Goberno central creou o Rexistro de pegada de carbono, compensación e proxectos de absorción de dióxido de carbono. Este mecanismo permite que as empresas que xeran emisións de gases de efecto invernadoiro inscriban a súa actividade e o cálculo da súa responsabilidade na contaminación do aire, acompañando este acto dun plan de redución de emisións.

Estas compañías poden compensar unha parte da súa pegada de carbono mediante o apoio económico a unha serie de proxectos forestais cos que, *a priori*, contribúen á absorción de dióxido de carbono da atmosfera (coñecido como "secuestro de carbono"). As empresas que reduzan as súas emisións ou que as "compensen" a través de proxectos forestais reciben un "selo" de calidade.

Este mecanismo foi criticado polo proceso de "lavado de cara" que supón para empresas contaminantes, que poden seguir contaminado se mercan bonos de captura de CO2 para compensar o seu exceso de emisións de gases de efecto invernadoiro. Pero, ademais, varias entidades denunciaron que as únicas masas forestais recoñecidas como "secuestradores" de CO2 e que polo tanto se poden beneficiar do financiamento ligado a este Rexistro "son as masas provenientes dun cambio de uso do terreo ou as plantadas nun monte arrasado polo lume", sinala a Organización Galega de Comunidades de Montes (Orgaccmm).

A Orgaccmm advirte de que este mecanismo "está fomentando a regresión de terras agrarias e agrícolas a terreo forestal" e lembra a escaseza de terras de cultivo que sofre Galicia dende hai anos. A entidade alerta igualmente do "perigo" que supón "que se bonifique o negocio do lume, podéndose rexistrar os terreos queimados en reforestación para vender no mercado aberto polo decreto o seu volumen de captura de CO2".

Adaptación dun artigo de Marcos Pérez Pena publicado en *Praza Pública*, o 29 de xaneiro de 2021



MEDIACIÓN DE TEXTOS ESCRITOS – CLAVES DE CORRECCIÓN

IDEAS PRINCIPALES A EVALUAR

EL CANDIDATO DEBE:

- Explicar y reformular los conceptos principales del texto como: **“explicar”, “compartir”, “proponer posibles soluciones”, “ejemplificar”**.
- **Utilizar otros ejemplos** para explicar el concepto **o bien casos que conozca que hayan solucionado el problema que se plantea**.
- **Adecuar el vocabulario** y las estructuras al nivel del destinatario (en este caso, **es un amigo suyo**, por lo tanto una persona que se sobrentiende que tiene sus mismos conocimientos).

EL CANDIDATO NO DEBE:

- **Repetir literalmente las palabras del texto fuente**.
- **Añadir ideas propias ni información que no esté incluida en el texto fuente, salvo para facilitar la correcta transmisión de la información**.



TEXTO FUENTE

As comunidades de montes, contra a compensación de emisións de CO2 que favorece plantacións forestais en terras agrarias ou incendiadas

En 2014 o Goberno central creou o [Rexistro de pegada de carbono, compensación e proxectos de absorción de dióxido de carbono](#). Este mecanismo permite que as empresas que xeran emisións de gases de efecto invernadoiro inscriban a súa actividade e o cálculo da súa responsabilidade na contaminación do aire, acompañando este acto dun plan de redución de emisións.

Estas compañías poden compensar unha parte da súa pegada de carbono mediante o apoio económico a unha serie de proxectos forestais cos que, *a priori*, contribúen á absorción de dióxido de carbono da atmosfera (coñecido como "secuestro de carbono"). As empresas que reduzan as súas emisións ou que as "compensen" a través de proxectos forestais reciben un "selo" de calidade.

Este mecanismo foi criticado polo proceso de "lavado de cara" que supón para empresas contaminantes, que poden seguir contaminado se mercan bonos de captura de CO2 para compensar o seu exceso de emisións de gases de efecto invernadoiro. Pero, ademais, varias entidades denunciaron que **as únicas masas forestais recoñecidas como "secuestradores" de CO2 e que polo tanto se poden beneficiar do financiamento ligado a este Rexistro "son as masas provenientes dun cambio de uso do terreo ou as plantadas nun monte arrasado polo lume"**, sinala a Organización Galega de Comunidades de Montes (Orgaccmm).

A Orgaccmm advirte de que este mecanismo **"está fomentando a regresión de terras agrarias e agrícolas a terreo forestal"** e lembra a escaseza de terras de cultivo que sofre Galicia dende hai anos. A entidade alerta igualmente do **"perigo" que supón "que se bonifique o negocio do lume, podéndose rexistrar os terreos queimados en reforestación para vender no mercado aberto polo decreto o seu volumen de captura de CO2"**.

Adaptación dun artigo de Marcos Pérez Pena publicado en *Praza Pública*, o 29 de xaneiro de 2021



PRODUCCIÓN Y COPRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

DATOS

Apellidos:

Nombre:

DNI / NIE:

Señale lo que corresponda:

Enseñanza **LIBRE** / **OFICIAL**

Grupo / Profesor:

INSTRUCCIONES PARA LA REALIZACIÓN DE LA ACTIVIDAD

- Duración: **90 minutos**
- Apague su **teléfono móvil**.
- Escriba sólo con **bolígrafo azul o negro**.
- No olvide realizar **las dos tareas**.
- Recuerde: **si no cumple la tarea**, la calificación será 0.
- Escriba sus respuestas en **la hoja de respuestas (reverso de esta página)**.
- Al finalizar, entregue **todas las hojas** utilizadas.

PUNTUACIÓN TOTAL: / 20



TAREFA 1	Escriba un artigo de opinión para unha revista, de 250 palabras de extensión , no que expoña o seu punto de vista sobre as producións ecolóxicas. / 10 puntos
-----------------	---	-------------------------

TAREFA 2	<p>Vostede acaba de atopar en Internet un blog sobre un banco de tempo. A continuación, decide responder nese blog cun comentario, de 150 palabras de extensión, no que deberá:</p> <ul style="list-style-type: none">➤ Indicar algunhas das vantaxes ou inconvenientes que cre que presentan os bancos de tempo.➤ Decantarse por cal serían algúns dos servizos ofrecidos máis importantes e por que.➤ Ofrecerse para realizar algún posible traballo. / 10 puntos
-----------------	--	-------------------------

blog.vigo.bancodotempo.es

Un banco? Tranquilo, o único que compartimos cos bancos é o nome!

O banco de tempo do Concello de Vigo é unha iniciativa que permite intercambiar bens, coñecementos e servizos por tempo. No Banco do Tempo cremos que o máis importante que temos os humanos é o noso tempo, por iso o “crédito de tempo” é o noso tipo de moeda.

Independentemente do servizo que prestes ou recibas, unha hora investida en axudar a alguén proporcionarache unha hora de crédito, xa que todas as habilidades teñen o mesmo valor. Os teus créditos de tempo serán depositados no Banco do Tempo e poderás sacalos en calquera momento e gastalos nun gran rango de servizos e oportunidades ofrecidas polo resto da comunidade de usuari@s.



PRODUCCIÓN Y COPRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

CLAVES DE CORRECCIÓN

TAREA 1

- Utilizar el formato y el tratamiento adecuado (es un **artículo de opinión**): título, alusión a los posibles lectores y adaptación al registro que corresponda.
- Dar información sobre un aspecto concreto (**producciones ecológicas**) y adaptarlo al contexto.
- Exponer la situación en la Sociedad actual bajo su punto de vista, con sus pros y contras, si procede.
- Explicar las causas, finalidades y consecuencias.
- Expresar objeción y reticencias.
- Expresar grados de certeza, duda e incredulidad.
- Expresar, justificar, defender y contrastar hechos y opiniones.
- Hacer suposiciones y plantear hipótesis.
- Expresar y preguntar por grados de certeza, evidencia, duda e incredulidad
- Formular condiciones con mayor, menor grado o imposible realización en el pasado, presente y futuro.

TAREA 2

FUNCIONES

- Saludar, despedirse, dirigirse a alguien y llamar la atención del interlocutor con el tratamiento adecuado, de acuerdo con el grado de conocimiento y del tipo de relación y en diferentes registros y canales. (**entrada en un blog**)
- Aconsejar con su punto de vista. (**bancos de tiempo**).
- Explicar las causas, finalidades y consecuencias.
- Expresar objeción y reticencias, grados de certeza, duda e incredulidad.
- Exponer algún caso similar conocido por el candidato.
- Justificar, defender y contrastar hechos y opiniones.
- Hacer suposiciones y plantear hipótesis.
- Invitar al acuerdo o desacuerdo y predecir.
- Preguntar y expresar posibilidad y probabilidad.
- Valorar ideas, hechos, servicios y acontecimientos.
- Elogiar y su contrario.



PRUEBA DE CERTIFICACIÓN – BLOQUE B

MEDIACIÓN DE TEXTOS ORALES

CONTEXTO: Vostede acaba de ler un artigo nunha revista e parécelle moi interesante.

TAREFA: Resuma o seguinte artigo para explicarllo a un amigo seu.

A investigación do cancro ten nome de muller

A investigación é vital para o desenvolvemento humano e da sociedade. Sen o traballo de miles de científicos, a esperanza para as persoas con tumor de mama non sería a que é hoxe en día: o 85 % dos casos teñen curación. Moitos destes investigadores, en cancro de mama ou outros tipos de cancro, son mulleres, en concreto un 60 %, pero apenas teñen o seu recoñecemento.

Neste presente e futuro das investigacións sobre cancro as mulleres teñen moito que dicir. E é que só dous de cada dez postos de alta responsabilidade na investigación en cancro están liderados por mulleres, a pesar de que o 60 % dos científicos que traballan neste campo son mulleres. Máis do 50 % de colexiados médicos son mulleres, pero menos do 8 % chega a postos de liderado, xerencias e decanatos.

Un dos inconvenientes aos que se enfrontan estas mulleres é o financiamento e mesmo os premios e recoñecementos; son xeralmente de menor contía se se comparan cos que reciben os homes.

Pero tamén hai outras limitacións socioeconómicas. E a maternidade é a que máis inflúe para que a muller abandone a carreira relacionada coa ciencia. En consecuencia, e aínda cando na universidade e en estudos de doutoramento de ciencias da saúde as mulleres superan o 50 %, estas cifras diminúen invariablemente segundo se progresa na carreira investigadora. Ademais, a muller recibe menos atención en revistas científicas e nos medios de difusión que os homes.

Texto adaptado de *Eroski Consumer*, 30/10/2019



PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORALES (MONÓLOGO)

O AVELLENTAMENTO DA SOCIEDADE

CONTEXTO: Segundo algúns estudos, en moi poucos anos, os maiores de 70 conformarán o grupo poboacional maioritario da nosa sociedade.

TAREFA: Fale deste tema, tendo en conta os seguintes parámetros:

- Posibles causas desta situación.
- Consecuencias que isto provocará na sociedade.
- Posibles solucións para deter esta tendencia.





COPRODUCCIÓN DE TEXTOS ORALES (DIÁLOGO)

ENUNCIADO CANDIDATO A

CONTEXTO: Vostedes forman parte dunha asociación de veciños do centro histórico da cidade na que viven. Xa hai tempo que veñen detectando certa deterioración na zona e un importante desleixamento por parte das institucións locais.

TAREFA: Reúnense para adpotar posibles medidas de revitalización para a zona e, posteriormente, levalas ao Concello.

Entres elas, poderían figurar:

- Solicitar a peonalización das rúas principais da zona.
- Incentivar o pequeno comercio para que abran novas tendas en distintos sectores.



ENUNCIADO CANDIDATO B

CONTEXTO: Vostedes forman parte dunha asociación de veciños do centro histórico da cidade na que viven. Xa hai tempo que veñen detectando certa deterioración na zona e un importante desleixamento por parte das institucións locais.

TAREFA: Reúnense para adpotar posibles medidas de revitalización para a zona e, posteriormente, levalas ao Concello.

Entres elas, poderían figurar:

- Solicitar unha política de transporte público alternativo, como o carril bici, corredores peonís..., que conecte esta zona coa área metropolitana.
- Pedir un orzamento para restaurar e pintar as fachadas.

